



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

ACTA 1 RESULTADO PROVISIONAL SELECCIÓN PEÓN-CONDUTOR

Proceso selectivo para a contratación dun Peón Comdutor de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello

Expediente Tedec: 2026/E001/000018;2026/A008/000014

Data: 10.07.2026

Hora comezo:11.30

Hora finalización: 13:30

ANTECEDENTES:

Visto o expediente que se tramita para a contratación de persoal laboral para a formación dunha Brigada de Incendios.

Visto que rematado o prazo de presentación de solicitudes de participación, para acceder ao proceso de selección dun Peón Condutor.

Visto que finalmente soamente se presentou ás probas un único candidato.

ASISTENTES:

Presidenta: Andrea Muíño Quintáns, normalizadora lingüística do Concello de Val do Dubra.

Vogais:

- Ana Lucía Calviño Canedo, axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Val do Dubra.
- Mª Inés Iglesias Dominguez, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra.
- Jesús Carlos Nieto Vilas, auxiliar administrativo do Concello de Val do Dubra.

Secretaria: María de los Ángeles Vaquero Boquete, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra.

Constituído validamente o Tribunal, procédese ao desenvolvemento das actuacións previstas nas bases da convocatoria.

PRIMEIRO. -Realización e Cualificación da Proba física de esforzo de carácter eliminatorio e obrigatoria. A súa cualificación será de apto ou non apto. Visto a acta presentada pola empresa Flanconorte S.L, encargada de realizar a proba física do banco, resultan as seguintes cualificacións para o posto de Peón- Condutor:

Nome e Apelidos	Resultado
Sergio David Noya Romero	NON APTO



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900 - F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa Arcai, 41 – Bembibre . 15873 – Val do Dubra. E-mail: correo@valdodubra.gal

Realizada a proba física prevista nas bases da convocatoria, o aspirante obtén a cualificación de NON APTO, ao non superar os exercicios exixidos.

SEGUNDO.- De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, a superación da proba física ten carácter obrigatorio e eliminatorio, polo que o aspirante non pode acceder á seguinte fase do proceso selectivo.

TERCEIRO.- Sendo o aspirante cualificado como NON APTO na proba física e non existindo máis persoas aspirantes no proceso selectivo, o Tribunal acorda declarar deserto o procedemento selectivo para a cobertura da praza de Peón-Conductor de Brigada do Concello de Val do Dubra, ao non existir ningún aspirante que superase a totalidade das probas eliminatorias establecidas nas bases da convocatoria.

Non obstante, dado que a convocatoria ten por obxecto a cobertura de cinco prazas para formar unha Brigada Forestal, e que non se dispón do número mínimo de efectivos necesarios para constituír a brigada nas condicións previstas na convocatoria e na correspondente subvención, o Tribunal fai constar esta circunstancia para os efectos oportunos e eleva o expediente ao órgano competente para que adopte a resolución que proceda respecto da cobertura das prazas e da constitución da brigada.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, que é asinada polos membros do Tribunal, no lugar e data indicados.

A Presidente

Asdo: Andrea Muiño Quintáns

A Secretaria

Asdo: María de los Ángeles Vaquero Boquete